

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 12/01/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
SONIA OUTÓN CASAL
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO

SECRETARIA ACCTAL.

MARIA DEL ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 12/01/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05 de xaneiro de 2026, que se aprobou por unanimidade.

CULTURA

PRP2026/0037

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura a través do Servizo de Normalización Lingüística, de participación e autorización do gasto para a actividade de dinamización lingüística "Club de debate":

Primeiro. O Club de Debate é un proxecto de dinamización lingüística dirixido á mocidade no que participan varios concellos galegos en colaboración cos centros de ensino secundario. A este programa apúntanse os centros e coordínase nos servizos de normalización lingüística municipais dos concellos participantes. Este torneo por equipos pretende favorecer o uso do galego en contextos formais e informais, pero tamén atende cuestións como o traballo en equipo e o fomento do pensamento crítico, da tolerancia e da diversidade de opinións.

Segundo. O Concello comprométese a correr cos gastos dos desprazamentos necesarios para o desenvolvemento do programa. En función dos resultados dos nosos equipos nas fases clasificatorias, o número de traslados será: mínimo, un traslado; máximo, tres. Está solicitado orzamento para os traslados á empresa Pereira SL.

Terceiro. Á espera de recibir os orzamentos definitivos para o proxecto Club de Debate Alingua nesta XIII edición do curso 2025-26, a estimación de gasto previsto é a seguinte:

PREVISIÓN DE GASTO CLUB DE DEBATE XIII EDICIÓN - CURSO 2025-26	
Almorzo xornada de formación	1.000,00 €
Traslado dos equipos participantes	1.800,00 €
Parte correspondente por participar na actividade	4.800,00 €
TOTAL ESTIMADO	7.600,00 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a participación e a previsión de gasto (orzamento) por importe de 7.600,00 euros para a XIII edición do proxecto Club de Debate Alingua (curso 2025-26), con cargo á partida 334.22637 do Orzamento 2026.

PRP2026/0042

Por Don Pedro Ladislao Rodríguez-Volta Alen en representación de ILLUSIÓNS WORKS SOCIEDAD LIMITADA (B94201811) solicitouse o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal para o día 09 de xaneiro de 2026, para a actividade denominada GALA INTERNACIONAL GALICIA MAGIC FEST, cun prezo de entrada De Zona A: 22,00€, Zona B: 18,00€, Zona C: 15,00€ (máis gastos de xestión), e sendo a recadación obtida pola venda de entradas para o solicitante.

O trámite para autorización de uso de instalación municipal, neste caso do Salón de Actos do Auditorio, non se levou á Xunta de Goberno Local con anterioridade a data da celebración, polo tanto non se valoraron e tramitaron as de taxas correspondentes.

Polo exposto, vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cobro das taxas correspondentes o uso de instalación municipal, neste caso Salón de Actos do Auditorio, segundo o establecido na Ordenanzas Fiscais III.1 reguladora do prezo público pola prestación de servizos e utilización e outras instalacións do Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Salón de Actos do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 137,70 €
- Operarios: 275,40 €
- Taquillas (2 personas): 81,60 €
- TOTAL: 759,40 €

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2026/0043

Vista a solicitude de D^a. Ana Isabel Abalo Cespón, en representación da Asociación Veciñal e Cultural O Souto de Rubiáns (G36564797), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da programación da XIV EXPOSICIÓN DA CAMELIA.

- Actuación do Grupo DE GAITAS DO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO STA. PLÁCIDA por un importe de 391,00 €, con cargo á partida 334.22609.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

E sen máis asuntos que tratar, ás 10:55 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.